

## **Criterios de promoción e titulación en BACHARELATO**

■ Respecto á **promoción**, acadará a promoción de primeiro a segundo curso o alumnado que supere as materias cursadas ou teña avaliación negativa en dúas como máximo. Os alumnos e as alumnas de 1º de Bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes, deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso.

As alumnas e os alumnos que, ao termo de 2º de Bacharelato, tivesen avaliación negativa nalgunhas materias, poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente.

■ Respecto á **titulación**, conforme ao indicado no artigo 31 da *Orde do 26 de maio de 2023*, obterase o título de bacharel cando se consiga a cualificación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

De xeito excepcional, **o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran, ademais, todas as condicións seguintes:**

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.

b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.

c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola

modalidade ou vía pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Para os efectos deste cálculo, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

Conforme ao disposto no artigo 31.3 da *Orde do 26 de maio de 2023*, no expediente académico e no historial académico farase constar ademais unha **media normalizada, calculada sen ter en conta a cualificación das ensinanzas de relixión**, co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrència entre todo o alumnado para os efectos de acceso a outros estudos, a obtención da mención de matrícula de honra e as convocatorias para a obtención de bolsas e axudas ao estudo.